

MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

CURSO 2023-2024

Ao longo do curso 2023-2024, recibiron apoio por parte do mestre de AL 21 alumnos e alumnas que contan cun programa de intervención. A intervención fixéronse de xeito individual é en pequeno grupo no aula de AL e na aula ordinaria.

O alumnado con NEAE foron Trastornos dos sons da fala, comprensión da linguaxe e dificultades na lecto-escritura. Tamén realizáronse Talleres de prevención en EI (P.E.L.O)

ORGANIZACIÓN DOS APOIOS

Os apoios foron organizados polo Departamento de Orientación en grupos heteroxéneos e de xeito individual, tendo en conta as características e idade do alumnado.

Os apoios foron realizados no aula específica de AL e no aula de referencia, deseñando programas individuais de intervención axustados a cada alumnado e coordinados mediante o Departamento de Orientación.

ACTIVIDADES REALIZADAS

- Fonoloxía: Respiración e sopro, motricidade dos órganos bucofonatorios, punto de articulación, discriminación auditiva.

- Semántico gramatical: Estruturación dos enunciados, concordancia e coherencia, marcadores ...
- Léxico-semántico: Adquisición do vocabulario, categorizacións .
- Pragmático: Uso da linguaxe
- Emocional: Autoestima e autoconcepto.
- Lectoescritura: Conciencia fonolóxica, memoria secuencial, mobilidade ocular, ritmo e entoación,
- Prevención: P.E.L.O (Educación infantil)

RECURSOS MATERIAIS

Depresores de lingua, material de sopro, espello, material de discriminación auditiva, lotos, secuencias temporais, tarxetas e láminas de expresión oral, tarxetas de vocabulario, material de construción gramatical, material específico para traballar a conciencia fonolóxica, Fonodil, Borobil, xogos diversos e material realizado polos mestres de AL. Uso das TICs: Encerado dixital, ordenador , tablet.

COORDINACIÓN DO PROFESORADO

- Reunión inicial coa Orientadora e cos titores/as dos alumnos/as con NEAE co fin de establecer criterios comúns de actuación.
- Reunión semanal do Departamento de Orientación.
- Comunicación periódica e permanente cos titores/as.
- Coordinación coas familias a través da orientadora e/ou titor/a, dando pautas e solicitando a súa colaboración.
- Colaboración coa coordinadora do Plan de Benestar Emocional e Convivencia.

- Coordinación con gabinetes externos, xunto co titor/a e orientadora para intercambiar información sobre a evolución do alumnado.

AVALIACIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO

Colaborouse no seguimento e avaliación do alumnado que recibiu apoio educativo específico nas sesións de avaliación trimestral. Como instrumentos de avaliación, empregáronse a observación directa e sistemática, seguimento diario do alumnado para rexistrar os contidos traballados, dificultades e avances.

Ao final de curso, elaborouse un informe individual final segundo o anexo V da Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén avalíase o longo do curso o programa de intervención para adaptalo dependendo das dificultades atopadas o longo da intervención.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

O alumnado mellorou adquirindo todos ou algúns dos obxectivos programado, entre este alumnado atendeuse:

- 4º El .unha sesión de prevención das dificultades da fala (PELO)
- 5ºE.I. : unha sesión de prevención das dificultades da fala (PELO) e un neno con Trastornos dos sons da Fala.
- 6º E.I : 5 alumnos/as con Trastornos dos sons da fala e unha sesión de prevención das dificultades da fala (PELO)
- 1º E. P: 6 alumnos con Trastornos dos sons da fala e algún con dificultades na adquisición da lectoescritura.
- 2º E.P. : 2 alumnos/as Con dificultades na linguaxe e na adquisición da lectoescritura.

- 3º E.P : 1 alumno de incorporación tardía o sistema educativo.
- 4º EP: 2 alumnos/as unha con dificultades na lectoescritura y con Trastornos dos sons da fala.
- 5ºE.P un alumno con dislexia, dous alumnos de incorporación tardía o sistema educativo e un con dificultades na aprendizaxe.

DIFICULTADES ATOPADAS E PROPOSTAS DE MELLORA

As dificultades atopadas son a coordinación coa orientadora debido o carácter itinerante de ambos postos e só coincidir un día no centro base. Debería coincidir os mesmos días no centro os dous.